

FAIOTEU

Obradoiro de dirección, dramaturxia e interpretación.

Mentoría de produción

NOEMI RODRÍGUEZ
DARLENE RODRÍGUEZ

ÁRTIQA
escola de interpretación

HORARIO DO TALLER

Taller de creación:

Venres 10 de outubro

Sábado 11 de outubro

Domingo 12 de outubro

Mentoría

Sábado 25 de outubro

FAI O TEU

SINOPSE:

Se sentes medoeganas, e non podes quitarche da cabeza a idea de facer a túa propia obra ou o seguinte proxecto. se che apetece lanzarte ao descoñecido e apropiarche do teu e do alleo. se non queres esperar máis. se tes a urxencia de facer algo, e xa case che da igual se sae ben ou mal, e simplemente queres que pase. entón, este é o teu taller.

Durante 3 días viviremos un proceso de creación exprés, e traballaremos con aquilo que nos conmociona, obsesiona, revitaliza, aterra ou nos dá un pracer profundo. a partir de diversos materiais –temas, preguntas, imaxes, recordos, conceptos, historias, referentes etc.– buscaremos localizar aquilo que inspira e conforma parte esencial do universo creativo único de cada participante. Nun contexto de colaboración e xogos, arroxarémonos á apaixonante aventura de descubrir a nosa poética, ao tempo que miramos cara o mundo e cara nós mesmos, buscando liberar aquilo que está querendo nacer para ser contado ou expresado.

Non o penses máis. dao salto e fai o teu.

DESCRICIÓN DO CURSO:

Parte 1. Taller de Creación con Noemi Rodríguez

Durante tres días mergullarémonos nun proceso intensivo e transformador de creación escénica onde cada participante poderá explorar o seu universo persoal e creativo a través do corpo, a palabra, a emoción, o ritmo e a imaxe. Traballaremos desde aquilo que nos conmociona, que nos obsesiona ou nos move por dentro, e transformaremos ese impulso en materia escénica viva. Nun contexto de xogo, liberdade e coidado, abriremos a porta á nosa propia voz artística e poñerémola en práctica mediante exercicios de improvisación, composición e experimentación, desenvolvendo pequenas escenas individuais ou colectivas que reflictan a identidade creativa de cada quen. Este taller non require experiencia profesional, só desexo real de crear e de lanzarse ao escenario sen medo nin expectativas ríxidas, con ganas de descubrir e compartir.

Obxectivos do obradoiro de creación:

- ☒ Revitalizar o noso desexo creador
- ☒ Explorar a idea de liderado
- ☒ Investigar o rol de dirección, dramaturxia e interpretación, e a relación entre as distintas partes
- ☒ Poñer en práctica ferramentas de composición escénica e dramaturxica nunha peza propia
- ☒ Explorar técnicas interpretativas e creativas que non están vencelladas ao texto
- ☒ Recoñecer o universo e a poética escénica de cada un dos participantes
- ☒ Observar e relacionar os distintos materiais creativos, así como todo aquilo que opera na posta en escena: ritmo, espazo, emoción, forma, palabra, imaxe e movemento
- ☒ Vincular o noso traballo co seu contexto a través da observación precisa do entorno
- ☒ Desenvolver a capacidade de xogo, imaxinación e intuición artística.

Parte 2. Mentoría Grupal con Darlene Rodríguez

Como peche do taller, viviremos unha sesión de mentoría colectiva pensada para acompañar os proxectos ou ideas que xurdan durante o proceso creativo e orientar os seus primeiros pasos fóra do contexto do curso. Reflexionaremos sobre como transformar unha proposta escénica nun proxecto artístico concreto, con obxectivos definidos e visión de futuro. Falaremos sobre como presentar o proxecto, como identificar o público ao que se dirixe, como darlle forma de maneira sinxela e como comezar a movelo con ferramentas reais. A mentoría será un espazo horizontal onde compartir inquedanzas, dificultades e posibilidades, sempre co foco en activar procesos creativos que non rematen no obradoiro senón que se poidan desenvolver con autonomía, comunidade e horizonte.

Obxectivos da mentoría:

- ☒ Organizar e estruturar as ideas iniciais dun proxecto escénico, definindo con claridade o que se quere facer, para quen e con que enfoque.
- ☒ Introducir unha estrutura básica de orzamento e ofrecer orientación sobre subvencións e vías de financiamento posibles.
- ☒ Explorar ferramentas de comunicación e distribución que axuden a presentar e mover o proxecto de maneira clara e efectiva.
- ☒ Compartir modelos de traballo sinxelos e útiles que sirvan como punto de partida para poñer en marcha o proxecto.

DOCENTES:

Noemi Rodríguez



Directora de escena, dramaturga, intérprete, pedagoga e asesora de procesos creativos. Fundadora e codirectora artística de Teatro En Vilo, premio Ojo Crítico de Teatro 2019.

Noemi está considerada un dos pesos pesados do teatro contemporáneo español fórmase na ESAD de Galicia (onde recibe unha matrícula de honra polo seu proxecto final de carreira) e despois realiza un Máster en Artes Escénicas na Universidade de Vigo e un curso de posgrao na London International School of Performing Arts grazas ao Programa de Bolsas no Estranxeiro da Fundación Barrié de la Maza, un dos programas de Bolsas de Excelencia máis destacado a nivel nacional e internacional. Noemi desenvolveu as distintas facetas do seu traballo en distintos países como Francia, Portugal, España, Inglaterra, Estados Unidos, Turquía e India.

Como directora de escena e dramaturga traballou en numerosas institucións de prestixio. Entre as súas obras destacan, “Blast”, “La Distancia” e “Man Up”, todas elas producidas polo Centro Dramático Nacional, “Terceiro Acto” producida polo Centro Dramático Galego e as multipremiadas “Interrupted”, “Generación Why” e “Hoy Puede Ser Mi Gran Noche”,

producidas por Teatro En Vilo. Tamén dirixe e escribe “Malena, llena eres de gracia”, obra financiada polo Instituto Nacional da Muller; “Locxs de Amor” financiada polo proxecto Art For Change La Caixa. “Miss Mara, quien se reserva no es artista” producida polo Circo Price, e “Escenarios de Chamberí”, en colaboración co Teatro de la Abadía. Ademais, en 2022 encárgase do guión e a dirección da gala homenaxe do 30 aniversario da Muestra de Autores de Teatro Contemporáneo de España.

Ademais de ensaios, Noemi é autora de doce obras dramáticas as cales foron amplamente representadas en Europa, e se viron importantes escenarios como o Edinburgh Fringe Festival, o BE Festival, o Festival de Otoño, o Festival de Olite, a MIT de Ribadavia, o Festival Meet You de Valladolid, os Teatros do Canal, o Teatro Fernando Fernán Gómez, o Centro Cultural Conde Duque ou o Teatro Arriaga, entre outros. Ao longo da súa traxectoria artística recibiu múltiples

premios como o Premio do Público e do Xurado do Festival Presente Futuro de Palermo por “Generación Why,” o Premio do Xurado da Feira Ibérica de Fundao ou o Premio do Público do Fringe de Praga por “Canary”, entre outros.

Como actriz e bailarina traballou para o Centro Dramático Nacional, o Centro Dramático Galego, o Núcleo de Experimentación Coreográfica de Porto, a English National Opera, ou o Spoleto Festival de Carolina do Sur, así como para reputadas compañías europeas como Blind Summit ou Improbable Theatre, entre outras.

Tamén impartiu cursos e conferencias sobre dramaturxia, dirección, interpretación, creatividade, creación colectiva e movemento en diferentes lugares como as Universidades de Oxford, Boloña, Puna, Calcuta, o Liceo Francés de Estambul, LISPA, o Centro Dramático Nacional, a MIT de Ribadavia, o Festival Clásicos de Alcalá, o Festival Meet You Valladolid, o Centro de Arte Dos de Mayo, entre outros. Actualmente prepara distintos proxectos a nivel nacional e

internacional para a tempada 2025/2026.

Darlene Rodríguez



Xestora cultural cunha ampla experiencia na coordinación, produción e distribución de proxectos escénicos, artísticos e educativos. Ao longo da última década, desenvolveu o seu labor en compañías independentes, fundacións e institucións culturais, asumindo tarefas que van desde a planificación e execución de proxectos ata a distribución, xestión estratéxica e relación con redes e circuitos profesionais, tanto a nivel nacional como internacional.

Formouse na Escola de Teatro Físico de Mar Navarro e especializouse en dirección de proxectos culturais a través do máster impartido pola escola La Fábrica (Madrid), onde foi premiada polo mellor proxecto do curso co lanzamento de MEDRA arte+educación. A súa traxectoria inclúe labores de distribución

espectáculos de teatro, danza e música, xestión de xiras, produción executiva, planificación de eventos culturais e coordinación de accións formativas.

Ademais, conta cunha sólida experiencia na elaboración, redacción e xestión de subvencións culturais, así como no acompañamento de proxectos impulsados por fundacións, compañías e entidades do terceiro sector. O seu perfil combina unha visión estratéxica da cultura coa

capacidade de acompañar procesos

creativos, establecer alianzas e desenvolver proxectos sostibles e viables.

A QUEN VAI DIRIXIDO:

actrices, actores, directoras-es, dramaturgas-os, estudantes de artes escénicas e todas aquelas persoas interesadas na interpretación e creación escénica.

DÍA E HORA:

TIPO	DOCENTE	DÍA 10 de outubro de	HORARIO 16:00h
PRESENCIAL (Total 16h)	Noemi Rodríguez	2025	– 20:00h 10:00h
		11 de outubro de 2025	– 14:00h 16:00h – 20:00h
		12 de outubro de 2025	10:00h – 14:00h
ONLINE (mentoría grupal de 2h)	Darlene Rodríguez	25 de outubro de 2025	11:30h- 13:00h
			11:30h- 13:00h

GRUPOS:

- ☒ Mínimo 10 estudantes.
- ☒ Máximo 15 estudantes

PREZO : 190 €